



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 6/2019

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA DOCE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Ordes, a doce de xuño de dous mil dezanove.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, a efectos do establecido no art. 36.1. do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Non asiste:

- MANUEL REGOS BOQUETE
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 30 de abril de 2019, cuxa minuta



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que na Folla nº 4 existe un erro de transcripción:

Onde di

.../...

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que no rogo xa lle indicamos que intenta disfrazar, non o acusan de mentir. Claro que se lle di que a débeda segundo o protocolo de déficit excesivo non computa a débeda con outras administracións, claro que é menor. Pero estanlle a a preguntar pola débeda total que é a pendente con bancos e con todos. A débeda é débeda e hai que pagala. A débeda total do concello a día de hoxe vai a dicir que é así, así consta nos orzamentos e en todos os lados, aínda que se queira obviar a débeda coas administracións e díganlle so ao público a débeda bancaria. A débeda total é de máis de tres millóns de euros porque así llo consultamos ao interventor municipal a semana pasada.

.../...

Debe dicir:

.../...

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que no rogo xa lle indicamos que intenta disfrazar, non o acusan de mentir. Claro que se lle di que a débeda segundo o protocolo de déficit excesivo non computa a débeda con outras administracións, claro que é menor. Pero estanlle a a preguntar pola débeda total que é a pendente a bancos, a administracións e a todos. A débeda é débeda e hai que pagala. A débeda total do concello a día de hoxe e se hai calquera auditoría vai a dicir que é así, así consta nos orzamentos e en todos os lados, aínda que se queira obviar a débeda coas administracións e díganlle so ao público a débeda bancaria. A débeda total é de máis de tres millóns de euros porque así llo consultamos ao interventor municipal a semana pasada.

.../...

Onde di

.../...

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que aínda que estea en carencia segue a ser débeda. Onde está o documento oficial que diga que non hai que pagala. Non existe. Se llo exhiben. Por que aparece esa débeda en calquera documento económico do concello. O aumento dos prazos de carencia non impide que a débeda siga estando aí.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o mellor é que llo pregunte aos seus deputados provinciais na Deputación Provincial e que llo expliquen, non vamos a chegar a ningún tipo de conclusión, é un acordo que existe entre todos os grupos políticos provinciais.

.../...



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Debe dicir:

.../...

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que aínda que estea en carencia segue a ser débeda. Onde está o documento oficial que diga que non hai que pagala. Non existe. Se llo exhiben. Por que aparece esa débeda en calquera documento económico do concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o mellor é que llo pregunte aos seus deputados provinciais na Deputación Provincial e que llo expliquen, non vamos a chegar a ningún tipo de conclusión, é un acordo que existe entre todos os grupos políticos provinciais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta onde está publicado dito acordo, que o aumento dos prazos de carencia non impide que a débeda siga estando aí.

.../...

A acta da sesión ordinaria de data 30 de abril de 2019, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coas correccións sinalada polo Sr. Vidal Ríos.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións dos Srs concelleiros para a despedida deste mandato.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que felicita en primeiro local ao PP por ser o gañador das eleccións locais no concello de Ordes. Agradecer aos funcionarios e traballadores do concello toda a súa labor e apoio que lle deron. Agradecer aos compañeiros do partido que estiveron durante estes dous anos axudándoo e apoiándoo, compartindo as súas experiencias e bo facer. Tamén aos compañeiros que xa non van estar aquí. Por último parabéns aos concelleiros electos. Foi unha honra servir aos veciños de Ordes nesta función pública, foi unha experiencia marabillosa.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que chegou a Ordes con vinte e seis anos. Xuntou o partido de Alianza Popular, no ano 1983 presentouse a concelleiro, resultando elixido con oito compañeiros de Alianza Popular. Pensaba que un alcalde, concelleiro podía cambiar as leis, non era certo. O Secretario un día díxolle que a única lei propia eran os orzamentos, o resto eran para toda España. Coincidiu con cinco alcaldes, Sr. Concheiro, Sr. Manuel, Sr. Teodosio, Sr. Regos e Sr. José Luis. Agradece a todos, fixeron o que puideron, non é fácil gobernar para todos, hai que decidir, hai un goberno determinado, leis determinados, diñeiro determinado, non se pode cambiar isto. Está triste por o fin dunha etapa. Os veciños, a corporación e os funcionarios contan con el para todo o que poida, persoal e politicamente. Isto é un ata logo, vai a ser político ata que morra. Pide perdón aos veciños e compañeiros polos erros cometidos en vinte anos de goberno e dezaseis de oposición. Nunca faltou as súas ideas, é unha persoa moderada. Hai cousas que non pode asumir politicamente. Aos novos concelleiros que teñan en conta que hai que servir a todos os ordenses con independencia do seu voto, hai que escoitar a todos. moitas gracias.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Intervén o Sr. Gómez Candal, concelleiro non adscrito, que agradece a oportunidade que se lle deu de ser partícipe deste Pleno e desta Corporación Local.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que tamén dá os seus parabéns a todos os partidos políticos polos resultados obtidos, en especial ao partido popular. Dar as grazas ás persoas que a votaron, non chegaron para ter representación nesta lexislatura, agradece enormemente o apoio recibido. Está tamén moi agradecida de toda a xente que coñeceu, que colaborou con ela man con man. Está agradecida de todo o que aprendeu nesta etapa. Son cousas que pasan e hai que asumilo. Grazas a todos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que certo é que na actividade política temos posicións encontradas, noutros casos son máis cercanas, hai desencontros, acordos. Fora desas posicións políticas o que queren trasladar que o que están son as persoas, a nivel persoal como a calquera outro veciño desexámoslles o mellor a todos os compañeiros que cesan na súa actividade política municipal, que nalgúns casos será ata logo ou xa definitivamente. A nivel persoal desexarlles todo o mellor nesta nova etapa.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que para moitos de nos tamén foi unha experiencia boa. Moitos seguimos e outros o deixan. No seu grupo entra xente nova e con moitas ganas. Dar as grazas a todos pola acollida que sempre tivo. Desculpas polos fallos que puidese ter.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que toca rematar o presente mandato, e farao cunha intervención breve, dado que non é o de hoxe un día de grandes discursos. Falou o pasado 26 de maio quen tiña que falar, a xente de Ordes, que falou nas urnas. O seu agradecemento sincero polo seu veredicto democrático. Quere, antes de proceder a levantar a derradeira sesión deste mandato, agradecer o traballo de todas e cada unha das persoas que formaron parte da Corporación Municipal na lexislatura 2015-2019 que hoxe remata. Quere pensar que, máis aló de determinados comportamentos e actitudes que o pobo xulgou nas urnas, e oxalá todas e todos entendasen e entendan para o futuro esa mensaxe e non xudicialicen por interese partidista nunca máis a política local; alentaba o interese supremo de Ordes e da súa xente. Ese foi, desde logo, o obxectivo permanente de quen lles fala e dos seus concelleiros do grupo de Goberno; dos que me acompañaron e apoiaron incondicionalmente nestes catros anos. O seu recoñecemento e agradecemento sinceros pola súa lealdade, colaboración e traballo intenso en prol de un Ordes mellor. Agradecemento, por suposto, aos compañeiros doutras formacións políticas que souberon antepoñer os intereses de Ordes aos intereses partidistas curtopracticistas. Fala da aprobación inicial do PXOM, pero podería falar tamén doutros exemplos de responsabilidade ao servizo da xente de Ordes, como o apoio aos plans de obras e os orzamentos municipais dos exercicios 2018 e 2019. Grazas, insiste. Rematan catro anos de enormes dificultades e de infinito traballo, pero o esforzo mereceu a pena. Recibiron un Concello que viña lastrado de bordear a bancarrota e remataron o presente mandato cunhas contas saneadas. Herdaron unha xestión dos recursos e dos servizos caótica e lograron sistematizala para atender a maior parte das necesidades reais da xente. Todo, sabemos foi imposible e queda boa parte por lograr; pero niso pendente poñeremos o empeño e constancia que conleva a responsabilidade de seguir gobernando este pobo. Cumpriron o compromiso principal de calquera gobernante, escoitar a veciñanza, máis de 4000 visitas ou saídas atendidas en apenas catro anos, e abrimos todas as portas, porque o Concello é da xente e ten que estar aberto á xente. Superaron mil e unha dificultades, petaron a todos as portas e foron quen de poñer en marcha unha interlocución institucional privilexiada, como nunca antes tivera o



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Concello de Ordes. Con esforzo, con traballo e con moita ilusión foron quen de lograr ou comprometer para Ordes un investimento superior aos vinte millóns de euros nestes catro anos que rematan. Podería tamén enumerar algúns exemplos de prácticas reprobables que se atoparon nada máis facerse cargo da xestión municipal, pero non é o seu estilo; non é o noso estilo. Podería e debería facelo, máxime despois de todas as falsidades que se dixeron sobre nós en datas ben recentes, pero non o fará, porque non todos somos iguais, e debemos pasar páxina. Traballaron todos desde a honestidade para ter a conciencia sempre aseada. Así foi e así será no futuro. Para nós, non hai atallos para sortear a legalidade nin a responsabilidade. Elaboraron un programa electoral en 2015 como si dun contrato coa veciñanza se tratase, e en 2019 presentaron un balance – o folleto Dito e feito- destes catro anos de traballo, para que quede constancia documental dos principais logros e realizacións da lexislatura que remata. Porque en democracia –e nosoutros somos profundamente demócratas- non abonda con xestionar con eficacia e con absoluto respecto a lei; os demócratas están obrigados a ser transparentes, contar a verdade e render contas ante a sociedade á que se deben e que os examina cada catro anos. Remata xa; e o fai referíndose expresamente aos concelleiros que ocuparon ou actualmente ocupan unha bancada da corporación e non van volver a facelo no seguinte mandato. En primeiro lugar, cun merecido recordo para alguén que iniciou con nos o presente mandato e que nos deixou as poucas semanas, Don Ramiro Recouso Liste. E continuo, para agradecer as varias dedicacións en sucesivas lexislaturas á política municipal, en casos como o de Don Roberto-Jesús González Santos, integrante de todas as corporacións constituídas dende 1983 a 2019, trinta e seis anos de labor política dende diferentes ámbitos e institucións, tanto formando parte do goberno como da oposición, pero sempre coa firmeza e a intelixencia de saber representar aos veciños que o elixiron democráticamente de maneira ininterrompida todos estes anos; gracias personalizadas que considero xusto transmitirle hoxe aquí en nome do Concello e do pobo de Ordes, tamén a Don Manuel Regos Boquete, integrante das corporacións de 1987 a 2019, sendo Alcalde no período 2007/2015, que hoxe non nos acompaña, e ao que mais aló de toda diferenza política, merece o recoñecemento que lle corresponde como quen foi o máximo representante do seu pobo, algo que esta seguro levará no seu interior por e para sempre con moita honra e orgullo. Tamén por suposto a Don José Luis Gómez Candal, representante dos veciños dende 1999 a 2019 e a Don José-Ramón Vázquez Raña representante dos veciños dende 2007 a 2019, hoxe ausente por motivos laborais. A todos eles, e tamén aos demais concelleiros que formaron parte das corporacións mais recente, así como os que xa estamos e aquí seguiremos a partir do vindeiro sábado coa constitución da nova corporación. Moitas gracias e moita sorte.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás catorce horas e dezaseis minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO